

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA (POE)

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**IES E. BLANCO AMOR (OURENSE)
2018-19**

XUSTIFICACIÓN

A redacción do Plan, así como a planificación das actividades faise en base á priorización das necesidades avaliadas no centro, aprobada en ACTA pola reunión do departamento de orientación con data de 13 de setembro de 2018.

Neste contorno e desde os principios dunha educación inclusiva, con respecto á diversidade, a igualdade e na convivencia, deséñase o Plan de Actuación da Orientación Educativa.

A metodoloxía ou modelo de orientación apóiase nun proceso formativo indirecto dos intervinientes na educación: docentes e familias, mesturado cunha atención de servizos- programas de ámbito de aplicación directa aos estudantes. Desde esta perspectiva, facilítase a actuación doutros axentes sociais externos que, a través do Plan de Acción Titorial, desenvolven programas específicos de desenvolvemento psico-socio-educativos.

1. INTEGRANTES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Manuel Ojea Rúa	<i>Catedrático de Orientación Educativa. Xefe do Departamento</i>
Nieves Esther Otero Álvarez	<i>Profesora de pedagogía terapéutica.</i>
María Jesús Fernández Sánchez	<i>Profesora de departamento de lingua, do ámbito lingüístico.</i>
José Ángel Bascoy Casas	<i>Profesor do departamento de ciencias, do ámbito científico-técnico.</i>

2. PLAN DE ACTUACIÓN

Liñas prioritarias da acción orientadora:

As liñas prioritarias da actuación orientadora son:

1. ACCIÓNS COMÚNS:

- a. Relacionadas coa inclusión e a diversidade.
- b. Relacionadas coa acción tutorial.
- c. Relacionadas coa convivencia e a educación en valores.
- d. Relacionadas con plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso.
- e. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade.
- f. Relacionadas co *drdoriente*.

2. ACTUACIÓN PARA OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN:

- a. Orientar no proceso de aprendizaxe e as saídas académicas e profesionais.
- b. Facilitar a coordinación entre os departamentos de orientación de centros adscritos de educación infantil e primaria, así como co profesorado responsable da formación e orientación laboral.

- c. Asesoramento ao conxunto da comunidade educativa sobre os PDC, os PCPI e outras medidas de atención á diversidade na ESO (Circular 8/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO, de 8 de setembro de 2009).

Contexto de actuación da orientación educativa:

Segundo o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 27 de abril), así como a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG de 31 de xullo) e tendo en conta o Decreto 324/1996, polo que aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG de 9 de agosto) e a Orde de 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, o funcionamento da orientación planifícase en base ás seguintes reunións semanais:

- Unha reunión semanal realizada polos membros que compoñen o departamento de orientación: os luns, en horario de 11,20- 12,10 horas.
- Unha hora semanal de atención a pais/nais.
- Unha hora semanal de atención tutorial a alumnos/as.
- Reunións establecidas para a colaboración cos tutores/as e os profesores/as do centro.

3. OBXECTIVOS XERAIS

1. Colaborar no proceso de avaliación inicial de necesidades.
2. Colaborar no proceso de avaliación educativa do alumnado, así como na toma de decisión sobre as medidas de atención á diversidade que foran necesarias.
3. Colaborar na prevención e actuación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. Colaborar no deseño de programas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativa.
5. Colaborar no deseño e o desenvolvemento dos programas de reforzo educativo (RE) e de adaptación curricular (AC) para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que sexan necesarios.
6. Colaborar no deseño e implementación dos programas de acción tutorial.
7. Colaborar no proceso de orientación académica e profesional do alumnado axustado ás necesidades educativos nos diferentes cursos académicos.
8. Colaborar cos diferentes órganos da comunidade educativa no proceso de asesoramento psicopedagóxico.
9. Colaborar no proceso de participación dos diferentes estamentos que compoñen a comunidade educativa (centro- familia- sociedade).
10. Facer o seguimento e a avaliación do proceso de orientación educativa implementado.

11. Fomentar o proceso de coordinación entre os diferentes xefes dos departamentos de orientación entre centros relacionados pola adscrición do alumnado.

3.1. EN RELACIÓN CO ALUMNADO

1. Colaborar e realizar o proceso de avaliación educativa e psicopedagóxica do alumnado.
2. Facilitar a toma de decisións sobre as medidas de concreción curricular, así colaborar na elaboración dos programas necesarios.
3. Realizar a intervención e atención directa, así como o seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que lle son propias ao profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
4. Informar e orientar sobre os itinerarios académicos e profesionais.
5. Impulsar a creación dun equipo de mediación para favorecer a convivencia pacífica no centro (*composición do equipo*: 1 alumno/a de 2º ESO, 1 alumno/a de 3º ESO, un alumno/a de 4º ESO, 2 alumno/a de 1º de bacharelato, 1 alumno de 2º de bacharelato).
6. Facilitar a creación dun *blog* para permitir a colaboración mutua do alumnado no proceso de orientación académica e profesional (*composición do equipo de creación do blog*: 2 alumnos/as de 4º ESO, 2 alumnos/as de 1º de bacharelato, 1 alumno/a de 2º de bacharelato; *participantes no blog*: tódolos alumnos/as do centro).
7. Impulsar e colaborar cos profesores/as na aplicación de programas de acción tutorial axustados ás diferentes situacións académicas:

- a. 1º ESO: Hábitos e técnicas de estudo, programas de desenvolvemento persoal (afectivo- sexual, habilidades sociais, prevención do bullying e TTI¹).
- b. 2º ESO: Hábitos de estudo, programas de desenvolvemento persoal (afectivo- sexual, habilidades sociais e TTI), toma de decisión sobre itinerarios académicos e profesionais (*orienta, webs*²).
- c. 3º ESO: Programas de desenvolvemento persoal (Desenvolvemento da autoestima, autoconcepto e emocións, habilidades sociais, TTI), toma de decisión sobre itinerarios académicos e profesionais (*orienta, webs*).
- d. Programas de desenvolvemento de estratexias no uso das TICS.
- e. 4º ESO: Programas de desenvolvemento persoal (cognición e prevención das drogodependencias, TTI), toma de decisión sobre itinerarios académicos e profesionais (*orientared, orienta, webs*).
- f. Programas de Desenvolvemento Persoal: en referencia aos procesos de autoestima, autoconcepto e emocións, desenvolvemento intelectual e TTI, toma de decisión sobre itinerarios académicos e profesionais (*orientared, orienta, webs*).
- g. 1º BACHARELATO: Programas de desenvolvemento persoal (habilidades cognitivas e metacognitivas), toma de decisión sobre itinerarios académicos e profesionais, PAU, estudos universitarios,

¹Facilitaranse os programas de acción tutorial de desenvolvemento socio- persoal acordados.

²Facilitaranse os materiais de acceso á información.

mercado laboral (*orienta12-13, orientared, CIUG, webs universidades, portais educativos oficiais*).

- h. 2º BACHARELATO: Programas de desenvolvemento persoal (habilidades cognitivas e metacognitivas), toma de decisión sobre itinerarios académicos e profesionais, PAU, estudos universitarios, mercado laboral (*orienta, orientared, CIUG, webs universidades, portais educativos oficiais*).

3.2. EN RELACIÓN CO PROFESORADO

1. Colaborar no proceso de avaliación educativa e as medidas curriculares e organizativas de axuste específicas.
2. Asesorar na adecuación do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
3. Colaborar co profesorado na implementación dos procesos de reforzo educativo e outras medidas curriculares específicas de atención á diversidade.
4. Colaborar no proceso de implementación dos planes de acción tutorial.
5. Facilitar o desenvolvemento dos programas de acción tutorial acordados, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa aplicación.
6. Asesorar nas medidas de avaliación da acción educativa emprendida, así como facilitar as técnicas necesarias para a súa aplicación.

3.3. *EN RELACIÓN CO CENTRO*

1. Facilitar o asesoramento psicopedagóxico en relación cos órganos de goberno e de coordinación docente, así como os de participación na revisión dos diferentes proxectos e programas existentes.
2. Colaborar no proceso de resolución pacífica de conflitos, facilitando a participación da comunidade educativa mediante equipos de mediación.
3. Colaborar nos procesos de formación, innovación e investigación educativa.
4. Colaborar no proceso organizativo das medidas específicas educativas: reforzo educativo, programas de reforzo e de recuperación, adaptación curricular e PMAR (2º-3º ESO).
5. Fomentar a cooperación e a participación de tódolos integrantes da comunidade educativa e o entorno social.

3.4. *EN RELACIÓN COAS FAMILIAS*

1. Colaborar co centro no establecemento de canles de información e comunicación coas familias.
2. Fomentar a súa participación activa nas actividades educativas propostas.
3. Colaborar no proceso informativo sobre os itinerarios académicos e profesionais do alumnado.

4. Facilitar a cooperación na implementación e avaliación de programas de desenvolvemento psicosocioeducativo implementados.
5. Implicar ás familias no proceso de ensinanza aprendizaxe, especialmente daquelas nas que se iniciaron procesos de concreción curricular para os seus fillos/as.

3.5. TEMPORALIZACIÓN DOS OBXECTIVOS DE CARÁCTER XERAL

<i>ACCIÓN ORIENTADORA</i>	<i>TEMPORALIZACIÓN APROXIMADA</i>
Colaborar no proceso de avaliación inicial de necesidades.	Setembro.
Colaborar no proceso de avaliación educativa do alumnado, así como na toma de decisión sobre as medidas de atención á diversidade que foran necesarias.	Setembro.
Colaborar na prevención e actuación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	Todo o ano.
Colaborar no deseño e implementación dos programas de acción tutorial.	Todo o ano.
Colaborar no proceso de orientación académica e profesional do alumnado axustado ás necesidades educativos nos diferentes cursos académicos.	Febreiro- xullo.
Colaborar cos diferentes órganos da comunidade educativa no proceso de asesoramento psicopedagóxico.	Todo o ano.
Colaborar no proceso de participación dos diferentes estamentos que compoñen a comunidade educativa (centro- familia- sociedade).	Todo o ano.

Facer o seguimento e a avaliación do proceso de orientación educativa implementado.	Marzo- xuño.
Fomentar o proceso de coordinación entre os diferentes xefes dos departamentos de orientación entre centros relacionados pola adscrición do alumnado.	Maiο- xuño.
Facilitar a coordinación entre o departamento de orientación e o profesorado de FOL.	Todo o ano.

4. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

O actual PAT existente no instituto, que concreta estas medidas, pode observarse no seguinte enlace:

<http://centros.edu.xunta.es/ieseduardoblancoamor/?q=category/20/58>

Está previsto ademais dos materiais de aplicación na acción titorial, a participación dos educadores/as da Cruz Vermella para a implementación de programas específicos relacionados con:

1. Prevención do bullying.
2. Estratexias do uso racional das TICs e os móbiles.
3. Alimentación.
4. Saúde sexual.
5. Drogas.
6. Habilidades sociais.

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS DO POE

A estrutura do plan fundamentarase nun proceso de intervención orientadora baseado nun modelo orientador de programas, combinado cun modelo de *counseling* ou de consulta.

6. AVALIACIÓN DO POE

O plan será avaliado mediante un proceso continuado de reunións periódicas, así como a través da aplicación de cuestionarios e entrevistas, co fin de responder aos seguintes criterios):

1. Estudo da adecuación do plan ao contexto socioeducativo do instituto.
2. Análise da efectividade, eficiencia e adecuación das medidas implementadas.
3. Análise dos niveis de coordinación dos profesionais participantes.
4. Estudo dos niveis de implicación dos profesores/as, así como do alumnado, dos pais/nais e do equipo directivo no desenvolvemento do plan.
5. Grao de satisfacción dos participantes no proceso de orientación emprendido.

Así mesmo, procederáse a elaborar unha escala *liker* continua (EXCELL) para a valoración trimestral cuantitativa dos seguintes aspectos (1-10):

1. Resposta do apoio á diversidade do alumnado.
2. Nivel de inclusión escolar.
3. Adecuación das medidas de adaptación do currículo.
4. Nivel de adaptación da metodoloxía docente.
5. Nivel de coordinación entre o profesorado de apoio e os docentes regulares.
6. Nivel de coordinación coas familias.
7. Adecuación do proceso de orientación vocacional e profesional.
8. Reestruturación das medidas segundo o proceso continuado de avaliación.